



Concello de Mugardos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PARA O CONTROL DA COVID-19 NOS EFECTIVOS DA POLICÍA LOCAL DOS CONCELLOS GALEGOS.

Vista a comunicación remitida, en data 10.06.2020, pola FEGAMP, relativa á adhesión ao Convenio entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a posta en marcha do programa para o control da Covid-19 nos efectivos da Policía Local dos Concellos Galegos, de data 09.06.2020, obrante no expediente.

Considerando convite o concello, a realización das probas ao persoal da Policía Local ao ser persoal de risco, e en uso das atribucións que me outorgan os artigos 124.4.a e 124.4.ñ da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e 61.1.a e 61.1.s da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro.- Adherirse formal e expresamente, mediante a sinatura do modelo de adhesión que figura como Anexo I do citado convenio, a todas e cada unha das cláusulas do “Convenio entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a posta en marcha do programa para o control da Covid-19 nos efectivos da Policía Local dos Concellos Galegos”, de data 9 de xuño de 2020, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).